CENTRO: CEIP VISTAHERMOSA Avda. Vistahermosa, 10 32002 OURENSE				CODIGO: 32015220
Correo electrónico: ceip.vistahermosa@edu.xunta.es Páxina web: http://centros.edu.xunta.es/ceipvistahermosa/				Móbil: 675679967 Teléfono e fax: 988231410
Curso Etapa	Área	Autor/título/editorial/ano de publicación	Língua da edición	ISBN
2º E.P.	L. Castelá	Vicens Vives	Castelán	9788468291932
2º E.P.	L. Galega	Vicens Vives	Galego	9788468292878
2º E.P.	Matemáticas	Vicens Vives	Castelán	9788468291840
2º E.P.	Ciencias Sociais	Vicens Vives	Galego	9788468292526
2º E.P.	Ciencias Naturais	Vicens Vives	Galego	9788468292496
2º E.P.	Relixión*	Relixión Católica 2 / Anaya / 2022	Galego	9788469897409
2º E.P.	Música	Música 2 Primaria. Galicia / Proxecto Operación Mundo / Grupo Anaya / 2022 /	Galego	9788469897140
2º E.P.	L.Inglesa	All About Us Now 2. Class Book / Oxford	Inglés	9780194074438
2º E.P.	Lectura	“Le que le” / Santillana	Galego	9788491851950
2º E.P.	Lectura	Fichas comprensión lectora 2 / Santillana	Castelán	9788468012926

RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL DIDÁCTICO IMPRESO PARA O CURSO 2023/2024				
CENTRO: CEIP VISTAHERMOSA Avda. Vistahermosa, 10 32002 OURENSE			CODIGO: 32015220	
Correo electrónico: ceip.vistahermosa@edu.xunta.es Páxina web: http://centros.edu.xunta.es/ceipvistahermosa/			Móbil: 675679967 Teléfono e fax: 988231410	
Curso Etapa	Área	Autor/título/editorial /ano de publicación	Língua da edición	ISBN
3º E.P.	Matemát.	Matemáticas 3 / “Construyendo mundos. Mochila ligera” / Santillana /	Castelán	9788468071367
3º E.P.	L.Castelá	Lengua 3 / “Construyendo mundos. Mochila ligera” / Santillana /	Castelán	9788468072012
3º E.P.	L.Galega	Lingua 3 / “Construíndo mundos” / Santillana /	Galego	9788491854098
3º E.P.	Ciencias Sociais	Ciencias Sociais 3 /Tambre-Edelvives/	Galego	9788490465233
3º E.P.	Ciencias Naturais	Ciencias Naturais 3 / Tambre-Edelvives/	Galego	9788490464205
3º E.P.	Relixión*	Relixión Católica 3 / Anaya / 2022	Galego	9788414301838
3º E.P.	Música	Música 3 Primaria. Galicia / Proxecto Operación Mundo / Grupo Anaya / 2022	Galego	9788414301708
3º E.P.	Plástica	“Arts & Crafts 3 Primary” /Richmond Publishing/ Santillana	Inglés	9788468013497
3º E.P.	L.Inglesa	All About Us Now 3. Class Book / Oxford /	Inglés	9780194074650
3º E.P.	L. Inglesa Caderno	All About Us Now 3. Activity Book / Oxford	Inglés	9780194073844

RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL DIDÁCTICO IMPRESO PARA O CURSO 2023/2024				
CENTRO: CEIP VISTAHERMOSA Avda. Vistahermosa, 10 32002 OURENSE			CODIGO: 32015220	
Correo electrónico: ceip.vistahermosa@edu.xunta.es Páxina web: http://centros.edu.xunta.es/ceipvistahermosa/			Móbil: 675679967 Teléfono e fax: 988231410	
Curso Etapa	Área	Autor/título/editorial/ano de publicación	Língua da edición	ISBN
4º E.P.	Lingua Castelá	Lengua Castellana y Literatura 4º Primaria / Edelvives	Castelán	9788414043943
4º E.P.	Lingua Galega	Lingua Galega e Literatura 4º Primaria / Edelvives	Galego	9788490465707
4º E.P.	Matemát.	Matemáticas 4º Primaria / Edelvives	Castelán	9788414050033
4º E.P.	Ciencias Sociais	Ciencias Sociais 4º Primaria / Edelvives	Galego	9788490466063
4º E.P.	Ciencias Naturais	Ciencias da Natureza 4º Primaria / Edelvives	Galego	9788490465912
4º E.P.	L.Inglesa	All About Us Now 4. Class Book / Oxford	Inglés	9780194074803
4º E.P.	L.Inglesa Caderno	All About Us Now 4. Activity Book Pack / Oxford	Inglés	9780194073905
4º E.P.	Relixión*	Relixión Católica 4 / Anaya / 2023	Galego	9788414321706

Os cursos de 5º e 6º participan no programa EDIXGAL polo que non teñen libros de texto en formato papel.

17. Programa anual de actividades complementarias e extraescolares

Aínda que destas actividades destaque o seu compoñente lúdico e recreativo, non podemos perder de vista que calquera actividade deste tipo debe ter unha referencia obrigada ao seu carácter educativo e cultural. O noso motor será valermos destas vivencias e experiencias para conseguir un claro enriquecemento da formación do alumnado e servir de apoio ao desenvolvemento do currículo propio de cada nivel.

VISITAS – SAÍDAS DIDÁCTICAS:

- Visitas a actividades varias (exposicións, obradoiros, mostras...) que se celebren no noso concello (Biblioteca Municipal, Teatro Principal, Auditorio, ...), así como a lugares de interese. Quedan comprendidos neste apartado paseos por lugares de interese paisaxístico, tipo senderismo.
- Programarase para todos os niveis, segundo sexa a actividade en cuestión.
- Saídas a concellos próximos para visitar lugares de interese. Para todos os niveis.
- Realizaranse cantas saídas se consideren convenientes, para participar en actividades para escolares que sexan programadas polos diferentes organismos ou entidades.
- Aquelas outras saídas das que se teña coñecemento ao longo do curso e se consideren interesantes nos Equipos de Ciclo poderanse realizar sempre coa aprobación do Consello Escolar.

Nestas saídas didácticas, o alumnado irá acompañado, alomenos, polos seus respectivos titores/as. Caso de que o titor/a non puidera participar en algunha saída, poderá ser substituído por calquera outro profesor/a que o acepte voluntariamente. En todo caso, o número de alumnos/as por profesor/a non superará o de 25. No caso de educación Infantil e o 1º ciclo de Educación Primaria poderase aumentar o número de profesorado acompañante en función do tipo de saída a realizar, garantindo sempre a maior seguridade posible do alumnado e do profesorado acompañante.

Para as saídas realizadas dentro do Concello de Ourense o centro educativo enviará unha autorización anual que os pais devolverán asinada, e que será válida para todo o ano neste tipo de saídas.

Para que un alumno/a poida participar en calquera saída, haberá de contarse coa autorización escrita dos seus pais ou titores/as legais, requisito este que será controlado polos profesores/as titores/as respectivos. No caso de que se coñeza que algún alumno/a non pode participar nalgunha destas saídas didácticas por razóns económicas, tentarase solucionar o problema con discreción e por todos os medios.

A realización deste tipo de actividades acordarase en reunións de ciclo ou niveis, tanto se son para todo o alumnado do mesmo ou só para algún dos grupos ou niveis. O Equipo Directivo será coñecedor destas actividades e efectuará a súa coordinación a través da Xefatura de Estudos, que a tal fin manterá unha constante comunicación cos mestres implicados.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

Ver cadro de conmemoracións

Cando algunha das datas a que se refiren os puntos anteriores sexa sábado, domingo, festividade local ou estea incluída nalgún dos períodos de vacacións establecidos no artigo 6 desta orde, a correspondente conmemoración celebrarase o día lectivo inmediatamente anterior ou posterior, segundo estableza a programación xeral anual de cada centro.

No referente ás actividades da Semana das Letras Galegas, seguirase a programación establecida polo Equipo de Normalización Lingüística.

A organización da conmemoración das Letras Galegas será función compartida polo Equipo de Normalización Lingüística, biblioteca e o equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares e quedará enmarcado dentro dun conxunto de actuacións e actividades que, na medida do posible, estarán especificamente dirixidas aos diferentes ciclos.

OUTRAS CONMEMORACIÓNS OU ACTIVIDADES

Samáin

Festa do magosto

Festival de nadal

Festa do entroido

Festa final de curso

DEPORTE ESCOLAR

O centro participa durante o presente curso no Deporte Escolar.

OUTRAS PROPOSTAS

Ocasionalmente poderanse celebrar cantas conmemoracións ou celebracións poidan xurdir ao longo do curso, sempre en total coordinación coa xefatura de estudos e mailo coordinador de actividades extraescolares; iniciativas, proposicións... terán nelas a canle axeitada.

18. Plan de autoprotección

Segue vixente o aprobado nos cursos pasados.

19. Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente

Está composto pola conserxe, Auxiliar Coidadora e o persoal de limpeza. As funcións da conserxe e do persoal de limpeza están reguladas polo Concello de Ourense no primeiro caso e pola empresa adxudicada no segundo.

Estas funcións estarán recollidas no regulamento de réxime interno que renovaremos no presente curso académico.

A conserxe, permanecerá no centro en xornada de mañá, dende as 8:30 h. ata as 14:30 h.

O servizo de limpeza está, adxudicado polo concello á empresa de limpeza “OHL” , traballan no centro dúas persoas, en xornada diaria de tarde, de 14:30 h. a 19:00 h.

19.1 Funcións Persoal Auxiliar Coidador

O persoal auxiliar coidador enténdese como un recurso profesional de apoio aos centros docentes para atender o alumnado con necesidades educativas especiais escolarizado no segundo ciclo de educación infantil, en educación primaria, en educación secundaria obrigatoria e, excepcionalmente, en educación secundaria postobrigatoria que presente algunha das seguintes características:

- a) Necesidade de ser acompañado en todos ou en parte dos seus desprazamentos.
- b) Necesidade de asistencia na súa hixiene e aseo.
- c) Necesidade de asistencia imprescindible na súa alimentación.
- d) Necesidade de cambios posturais frecuentes ao longo da xornada escolar para os cales careza da autonomía necesaria.
- e) Ausencia de hábitos básicos de autonomía e de vida en sociedade.

FUNCIONES

O persoal auxiliar coidador destinado á atención do alumnado indicado no punto anterior terá as seguintes **funcións**:

- a) Atender o alumnado nas entradas e saídas do centro docente; nos hábitos de hixiene, aseo e alimentación; nos recreos, xogos e tempos de lecer; nos cambios de actividade e nas demais necesidades análogas, potenciando nel a súa autonomía e inclusión. Esas atencións tamén se estenden ás noites no caso de alumnado internado en centros de educación especial.
- b) Realizar os cambios e o control postural que ese alumnado necesite.
- c) Facilitar os traslados polos espazos do centro.

- d) Contribuír ao seu coidado durante todo o período lectivo, mesmo dentro da aula cando resulte necesario.
- e) Colaborar na atención dese alumnado durante o tempo de recreo, xogo e/ou lecer.
- f) De ser o caso, atender o alumnado durante o servizo de comedor, así como no tempo inmediatamente anterior e posterior a ese servizo.
- g) Nos casos excepcionais en que resulte necesario, acompañar na ruta escolar o alumnado que requira da presenza do persoal auxiliar coidador.
- h) Colaborar nas actividades complementarias en que participe a alumna ou o alumno.
- i) Participar, logo da debida convocatoria, nas reunións en que se aborden temas relacionados co alumnado que atende, colaborando nas liñas de coordinación establecidas polos equipos docentes que correspondan e polo departamento de orientación.
- j) Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores.

A intervención profesional do persoal auxiliar coidador será gradual, de maior a menor atención, en función do nivel de autonomía que o alumnado que atende vaia adquirindo.

A ratio máxima de persoal auxiliar coidador e alumnado con necesidades educativas especiais **non excederá 1/6**, tendo en conta as necesidades de atención do alumnado.

20. Horario de atención ao público.

As visitas ao centro requirirán de cita previa. Calquera tipo de visita – pais, nais, comerciais, persoal de mantemento -... requirirá para unha mellor atención de cita previa. A devandita cita poderase solicitar por vía telefónica ou ben na conserxería do centro coa suficiente antelación (agás urxencias) para planificala.

21. Plan de potenciación e organización das relacións da comunidade coa Familia

O desenvolvemento do PE e do Plan de acción tutorial supoñen que os distintos membros da comunidade educativa tomen unha serie de decisións conxuntas. O funcionamento harmónico do centro fai necesaria unhas bases comúns de actuacións, e o PE é o elemento que favorece a participación e a construción da comunidade educativa.

Plan respecto as familias:

- a) Seguir traballando na implicación das familias no proceso educativo, por medio das reunións colectivas de pais o inicio de curso e coas entrevistas individuais. Contemplan a posibilidade por parte dos

tutores e especialistas que así o desexen, de enviar unha información “non formal” sobre a evolución do alumnado na metade de cada trimestre.


b) Impulsar a participación dos pais nas actividades do centro:

1. Comisións do Consello Escolar

2. Participación e colaboración das actividades complementarias: Magosto, Entroido...

3. Seguir mantendo o bo clima de entendemento e cooperación existente coa ANPA, apoiando as actividades propostas por ela.

4. Facer chegar as familias todas as actividades do centro a través da páxina Web do centro.


 Actuacións que teñan como eixo nuclear o desenvolvemento do **plan de acción tutorial**, en especial o asesoramento referido a:

a. Colaboración na análise das necesidades do profesorado titor e demais profesorado do centro en relación ao desenvolvemento da acción tutorial, así como asesoramento aos equipos e ao profesorado individual.

b. Aspectos organizativos e de xestión da acción tutorial, entre outros, criterios para a adxudicación das titorías, establecemento de mecanismos de coordinación entre equipos docentes, entre o profesorado titor e o departamento de orientación e demais profesorado do centro.

c. Incorporación de contidos relacionados coas habilidades sociais, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a dinámica de grupos e a igualdade entre homes e mulleres.

d. Fomento e colaboración no seguimento, avaliación e revisión dos Plans de Acción Tutorial.

 Actuacións en relación á **promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos** no marco dunha escola plural:

a. Colaboración na diagnose sobre o estado da convivencia no centro en base á información ofertada polos distintos sectores da comunidade educativa e proposta de medidas que redunden na mellora da mesma: dinamización da xunta de delegados, mediación escolar, negociación das normas de convivencia, titorización entre iguais. Así mesmo, asesoramento na elaboración, seguimento e avaliación de plans de mellora da convivencia.

b. Participación na revisión do proxecto educativo de centro, con especial atención aos principios dunha educación democrática e igualitaria, e de valores tales como solidariedade, cooperación, xustiza, tolerancia e desenvolvemento sostible.

c. Colaboración na revisión e actualización dos regulamentos de réxime interior, incidindo na incorporación neles de medidas de compensación de faltas que supoñan un servizo á comunidade.

✎ A participación na elaboración e uso de protocolos para a prevención e control do absentismo escolar.

✎ Actuacións referidas á **formación permanente, á investigación, á experimentación e á innovación:**

a. Colaboración na detección de necesidades de formación permanente do profesorado do centro e dinamización da participación dos equipos docentes en proxectos e programas de innovación.

b. Promoción da formación permanente dos orientadores e orientadoras, mediante a súa participación en diferentes modalidades formativas, así como en proxectos europeos de mobilidade.

c. Participación na recompilación de recursos e materiais de apoio: páxinas web, materiais impresos, experiencias de centros, etc., que estea a disposición do profesorado do centro para a súa consulta.

d. O fomento da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación no campo da orientación e do asesoramento.

✎ Actuacións que promovan unha maior **participación e implicación das familias** na vida do centro e na educación das súas fillas e fillos, dada a súa importancia como parte fundamental da comunidade educativa:

a. Dinamización das canles de comunicación entre familias e escola, da implicación activa das familias nos órganos de participación do centro e das Asociacións de Nais e Pais do Alumnado.

b. Colaborar no desenvolvemento da escola de nais e pais.

✎ Elaboración de outros documentos e actividades para a acción tutorial en tódolos niveis.

✎ Avaliación e corrección, se é necesario, do Plan de Orientación Educativa cara o curso vindeiro.

✎ Creación dun fondo bibliográfico do Departamento que esté a disposición do profesorado.

✎ Cumprimento das demais funcións que veñen sinaladas pola lexislación vixente.

22. Servizo de transporte escolar

Dos 135 alumnos/as do Colexio, 37 desprázanse nun autobús da “Empresa Monbus”. Nos seguintes cadros resúmese este servizo indicando os itinerarios, paradas e número de alumnos/as que o utilizan . Viaxan acompañados por unha monitora.

ITINERARIO 1 : REZA		ITINERARIO 2 : O COUTO	
PARADA	ALUMNOS/AS	PARADA	ALUMNOS/AS
Reza 1	0	Couto 1	23
Reza 2	0	Couto 2	11
Reza 3	3		
TOTAL	3	TOTAL	34
TOTAL			37

23. Regulamento de organización do comedor.

O comedor conta co seu propio protocolo de actuación. O devandito documento, será o de referencia en todo momento e está a disposición de todos os usuarios do mesmo.

24. Plan de utilización das instalacións do centro

Dentro do horario escolar lectivo a utilización e a priorización das instalacións do centro é a que segue:

BIBLIOTECA

Os titores/as poderán acceder cos seus alumnos/as á Biblioteca ao longo da mañá no horario que se especifica no cuadro inferior para levar a cabo o servizo de préstamo e o desenvolvemento das distintas competencias básicas establecidas na programación. As horas que queden libres poderán ser usadas por todo o profesorado tendo preferencia sempre os membros do equipo dinamizador de biblioteca para efectuar o seu traballo.

AULA DE IDIOMAS

A especialista de Lingua Inglesa ten, como é lóxico preferencia, e ten asignadas as horas que figuran no seu cadro horario para desenvolver as súas clases.

O resto das horas que queden libres poderá ser usada por tódolos cursos.

AULA DE ATENCIÓN EDUCATIVA E DE RELIXIÓN

Nesta aula as titoras e titores dos distintos cursos e o mestre de relixión poderán levar a cabo a súa actividade. Usarán esta aula os mestres das materias que teñen menos alumnos/as e quedarán na propia aula os mestres que teñan máis número de alumnos/as.

O resto das horas que queden dispoñibles poderán ser usadas por calquera grupo de alumnos/as cos seus mestres titores ou especialistas.

PISTA POLIDEPORTIVA E XIMNASIO

Terá preferencia a mestra especialista de Ed. Física de Educación primaria para levar a cabo as súas sesións. No referente o ximnasio terán preferencia na súa utilización a mestra especialista de Ed. Física de educación primaria, a continuación poderá ser empregada polos mestres de educación Infantil para desenvolver as sesións de Psicomotricidade e todas aquelas sesións que requiran dunha espacio diferente ao das aulas de tutoría. O resto do horario poderá ser empregado por calquera mestre do centro.

AULA DE MÚSICA

Terá preferencia nesta aula a mestra de educación musical para realizar as sesións didácticas correspondentes. O resto das horas que quede libre poderá ser utilizada por calquera mestre, previa comunicación á mestra de música. Dada a singularidade desta aula e dos materiais que nela se atopan faise necesario incidir no especial coidado que se terá nas actividades que nela se leven a cabo.

OUTROS USOS

Ademais da utilización que se fai en horario lectivo das instalacións do centro para poñer en práctica o noso plan de estudos , as instalacións do noso colexio tamén son utilizadas tanto pola ANPA, como polo CONCELLO.

A utilización das instalacións do centro por parte da ANPA detállase no seguinte punto.

No tocante ao concello dicir que as instalacións deportivas para poder ser usadas por entidades culturais e deportivas serán cedidas polo Consello Escolar que autorizará ao Concello de Ourense para que xestione ao longo da semana (rematado o horario lectivo e as actividades extraescolares ofertadas polo centro) a pista deportiva e o ximnasio para ser utilizadas por eses colectivos para as diversas actividades deportivas e culturais.

Ao longo do curso sempre estaremos dispostos a ceder as instalacións do centro sempre as persoas ou entidades solicitantes se comprometan a usalas e deixalas nas debidas condicións e que sempre sean usadas para actividades sen ánimo de lucro.

En todo caso e sen perxuízo do anterior a orde de adxudicación dos espazos do centro será a que segue:

- 1.- Actividades organizadas polo centro.
- 2.- Actividades organizadas polos alumnos do centro.
- 3.- Actividades organizadas pola ANPA do centro.
- 4.- Actividades organizadas polo sector de pais e nais do centro.
- 5.- Actividades organizadas polo concello de Ourense.

6.- Actividades organizadas por colectivos ou entidades alleas ó centro pero cunha vinculación co mesmo (exalumnos, entidades culturais ou deportivas do barrio de Vistahermosa, asociacións e clubs do barrio...etc). Necesaria a aprobación do Consello escolar e o Concello de Ourense, de ser o caso.

7.- Actividades organizadas por colectivos ou entidades alleas ó centro e sen vinculación co mesmo. Necesaria a aprobación do Consello escolar e o Concello de Ourense.

25. Plan de actividades propostas pola ANPA

INSTALACIÓNS DO CENTRO					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16:00 - 17:00	Inglés		Baile moderno	Manualidades	Patinaxe
17:00 – 18:00					
18:00 – 19:00		Balonmán pequenos	Balonmán maiores	Balonmán pequenos	

INSTALACIÓNS EXTERNAS AO CENTRO					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16:15 – 17:00		Taekwondo* Primaria 2		Taekwondo* Primaria 2	
17:00 – 17:45	Taekwondo* Primaria 2	Taekwondo* Primaria 2	Taekwondo* Primaria 2	Taekwondo* Primaria 2	Balonmán maiores**

*Ximnasio O Couto ** Cancha Policía

26. Plan xeral de avaliación do centro

Nas sesións de avaliación reuniranse todos os profesores que imparten clase no nivel coa presenza da orientadora do centro.

A Comisión de Coordinación pedagóxica poderá realizar todos os axustes e modificacións que considere necesarios.

O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa.

Tendo en conta os resultados das avaliacións dos alumnos a Comisión de Coordinación Pedagóxica fará unha avaliación do proceso educativo co fin de mellorar os resultados.

AVALIACIÓN DO FUNCIONAMENTO CENTRO:

A avaliación do funcionamento do Centro farase de forma continua partindo de:

- Reflexión sobre modelo de escola que se pretende.
 - Identificación das prioridades educativas da comunidade escolar.
- Estrutura organizativa.
- Participación dos alumnos e as súas familias na vida do Centro.
 - Adaptación de obxectivos e contidos ás posibilidades reais dos alumnos.
 - Adaptación do ensino á realidade lingüística do alumnado.
 - Estratexias de avaliación inicial, formativa do alumnado e da resposta educativa.
- Instrumentos de avaliación.
 - Organización de tempos e espazos.
 - Principios metodolóxicos.

QUE AVALIAMOS?

- O Funcionamento do centro.
- Se o análise da situación inicial foi a acertada.
- Se os obxectivos fixados eran realistas e oportunos.
- Se o seguimento avaliativo é o desexable.
- A posta en práctica:
 - ✓ Plan de actuación deseñado se foi eficaz.
 - ✓ Os Plans desenvolvidos (Tics, Biblioteca, Normalización Lingüística...)
- ✓ Outras actuacións non incluídas inicialmente.
- ✓ Os recursos dispoñibles.
- ✓ As relacións coas institucións do entorno, familias.
- ✓ Grado de consecución dos obxectivos.

QUEN AVALÍA?

- O director
- Claustro

- Consello escolar.

COMO AVALIAMOS?

- Director elaborará informes específicos de avaliación do seu traballo, poñendo de manifesto os logros e as dificultades.
- Claustro avaliará recollendo información. periodicamente deberán “apuntar” problemas, dificultades, logros...
- Consello escolar avalía a adecuación e cumprimento da PXA.

CANDO AVALIAMOS?

- Inicialmente: trátase de coñecer o punto de partida
- No momento da posta en práctica do plan de actuación.
- En sesións extraordinarias específicas: anualmente

QUE FACEMOS COAS CONCLUSIÓNS?

- Serven de fundamento para facer unha planificación axustada ás necesidades da realidade existente.
- Permítenos reaxustar a planificación.
- Determinan obxectivamente, cualitativamente e cuantitativamente os progresos e logros.
- Propoñemos medidas de mellora, na Memoria de final de curso.

27. Proxecto lector de centro

En cumprimento da Lei Orgánica 2/2006 de educación e da súa concreción para a comunidade autónoma de Galicia no Decreto 130/2007 do 5 de xullo (DOG 13/07/07) o Proxecto Lector de Centro tenta conseguir que o alumnado deste centro, e con relación á súa idade, posúa as competencias básicas en materia lingüística e ademais facer da lectura un hábito cotián adquirindo así os valores que isto pode aportar.

Para isto as profesoras e profesores do CEIP Vistahermosa de Ourense adquiren o compromiso de poñer todo o seu empeño en elevar o nivel de comprensión lectora así como en fomentar o hábito lector entre o alumnado.

Para o presente curso 2023/2024 será o que segue:

PLAN ANUAL DE LECTURA

CURSO 2023 / 2024

CEIP Vistahermosa

INDICE

- 1.- Fundamentación.
- 2.- Organización de espazos e tempos.
- 3.- Liñas de actuación prioritarias en relación co papel da Biblioteca Escolar no centro.
- 4.- Rutinas de lectura.
 - a) Actividades na hora de biblioteca e na hora de ler.
 - b) Actividades de lectura compartida.
- 5.- Recursos humanos para o fomento da lectura.
- 6.- Itinerarios lectores.
- 7.- Actividades programadas e temporalizadas:
 - a) Proxectos documentais integrados
 - b) Actividades puntuais
 - c) Temporalización de actividades
- 8.- Actividades para a implicación das familias.
- 9.- Recursos e materiais.
- 10.-Seguimento e avaliación:
 - a) Criterios de avaliación.
 - b) Procedementos de avaliación.
 - c) Indicadores e instrumentos.

1. FUNDAMENTACIÓN

De acordo coas liñas marcadas pola normativa vixente realízase unha concreción do Proxecto Lector, baseándose nas particularidades do alumnado deste centro e tendo en conta as súas necesidades específicas.

A formación dos futuros lectores abranguerá as distintas utilidades da lectura (fonte de información e tamén de lecer, vía de comunicación e canle de creación artística). Por outra banda, a Biblioteca Escolar propiciará unha alfabetización informacional, mediática e dixital, tan necesaria nas circunstancias actuais.

Para o alumnado de Educación Infantil, propiciarase o contacto cos libros e textos en formato dixital dun xeito lúdico, sentando as bases para os diversos obxectivos que se desenvolverán plenamente ao longo das seguintes etapas educativas.

Nos últimos cursos da E. Primaria, fomentárase principalmente a comprensión lectora, especialmente co alumnado con necesidades educativas específicas. Empregarase a selección de lecturas do itinerario lector e da oferta xeral da Biblioteca Escolar coma medio para fomentar a educación en valores, para compensar posibles carencias socio-culturais e para contribuír a desenvolver o espírito crítico do alumnado.

Na actualidade, o centro está inmerso no proxecto EDIXGAL para 5º e 6º de Primaria, no iniciativa ARCO e no programa PIALE (en Lingua Inglesa). A Biblioteca Escolar coopera para achegar recursos educativos, recibir suxestións e adquirir fondos documentais axeitados aos obxectivos destes programas.

O Equipo da Biblioteca Escolar propónse contribuír a crear conciencia no alumnado, en liña cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, promovendo a saúde, consumo responsable, acción en prol do clima, paz, igualdade de xénero, etc.

Durante o curso 2019/2020, o CEIP Vistahermosa participou no programa piloto para xestión bibliográfica KOHA e tamén se integrou no programa de Bibliotecas Creativas. Durante o curso 2021/2022 creouse un Recuncho creativo, espazo específico para relaxación, xogo, lectura informal e creación artística.

O pasado curso desprazouse a Biblioteca Escolar a un espazo máis amplo, onde se creou un recuncho para a lectura de lecer, animacións á lectura e xogo; habilitouse un espazo para a impresora 3D e mellorouse o desenvolvemento de actividades formativas. Precirase novo moblaxe para continuar implementando a accesibilidade e aproveitamento dos recursos dos que se dispón.

3. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS

A Biblioteca Escolar permanecerá aberta de 9:00 a 14:00 horas, dende o mes de outubro ata o mes de maio, para o alumnado. O profesorado poderá facer uso da Biblioteca durante todo o curso, de setembro a xuño. Para o préstamo de libros estableceranse quendas, durante a hora de ler.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1º LECER 11:15-11:45					
CURSO		2º	1º		
PROFE Biblio.		Carmela	Belén y Geli		
2º LECER 11:45-12:15					
CURSO	3º	4º		5º	6º
PROFE Biblio.	Mª Carmen	Cris		Isa	Sali

Os cursos de Infantil levarán libros nas mochilas viaxeiras de outubro en adiante. As titoras poden emprestar libros aos nenos e nenas, se o desexan, na hora asignada no seu horario.

O alumnado tamén poderá solicitar o uso da Biblioteca durante os recreos, baixo a supervisión dalgún mestre.

O mobiliario da Biblioteca Escolar poderá cambiar de ubicación cando se precisen realizar actividades que así o recomenden. Facilitarase a mobilidade, o traballo individual e a realización de actividades en prol da adquisición das diversas competencias.

Ofertaranse recursos virtuais no blog e manterase actualizado como canle de información para alumnado e familias, como ven sendo habitual.

5. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

3.1 EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

Os obxectivos para o curso 2022/2023 son:

- Ampliar a formación do profesorado en xestión bibliográfica co programa KOHA.
- Seguir rexistrando e catalogando libros e DVDs comprados ou doados.
- Optimizar o uso do equipamento informático da Biblioteca.
- Favorecer o acceso do alumnado ás novas tecnoloxías, para minimizar a brecha dixital.

3.2. EN RELACIÓN COA DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO.

CENTRO:

- Manter na sala de profesores o servizo de préstamo de material didáctico.
- Continuar co préstamo temporal ás bibliotecas de aula.
- Incorporar material actualizado ás seccións de didáctica e educación emocional.

PROFESORADO:

- Coordinar periodicamente as funcións e propostas do profesorado integrante do Equipo de Biblioteca.
- Diversificar a oferta de fondos para abranguer as necesidades de toda a comunidade educativa.
- Facer chegar as propostas do Equipo de Biblioteca ao resto do profesorado, escoitar suxestións e solicitar colaboración.
- Informar periodicamente ao profesorado do centro no relativo a adquisicións, cambios, concursos e outras actividades organizadas polo Equipo da Biblioteca.

FAMILIAS:

- Manter o blog da B.E. (<http://asombradoerbedo.blogspot.com.es/>) actualizado.
- Seguir remitindo ás familias boletíns, por vía dixital, con información relativa ao uso da Biblioteca Escolar e recomendacións lectoras.

ALUMNADO:

- Continuar traballando cun PDI, pescudando información nos libros da biblioteca e na Internet, para finalmente expor os traballos realizados polo alumnado.
- Desenvolver proxectos que fomenten a aprendizaxe a través de obradoiros, manualidades e experimentos científicos, nos que poderá participar a totalidade do alumnado do centro.
- Preparar, coa colaboración de profesorado e alumnado, representacións e murais relacionados coas distintas conmemoracións (Día da Paz, Día da poesía, Día do libro...)
- O alumnado de Educación Infantil continuará levando as mochilas viaxeiras.

3.3 EN RELACIÓN COA FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL (COMPETENCIA PARA O TRATAMENTO DA INFORMACIÓN INCLUIDA NA COMPETENCIA DIXITAL).

PROFESORADO:

- Para o profesorado novo: familiarizarse coas instalacións da biblioteca, distribución de espazos, utilización e catalogación de material, empréstitos e devolucións a través do programa KOHA.
- Comunicar ao profesorado os recursos dixitais relativos ao PDI deste curso, a través de redes sociais, correo electrónico corporativo, Aula Virtual e páxina web do Centro.
- Facer partícipe ao profesorado dos recursos dixitais para formar aos alumnado na educación documental.

ALUMNADO:

- Continuar realizando nos distintos niveis a formación de usuarios e educación documental coas actividades que figuran no Proxecto da biblioteca escolar, no Plan Anual de Lectura, na Programación Xeral Anual, nas programacións docentes do profesorado e co material que aporta a Biblioteca Escolar.
- Co alumnado novo, adicar unha sesión especial para informarlles sobre os servizos e organización da biblioteca, recursos dispoñibles, empréstitos e devolucións de libros. Este curso, a formación de usuarios adicarse especialmente a medidas de hixiene, distancias de seguridade, uso unicamente do material imprescindible e demais normas ditadas polas autoridades sanitarias e educativas.
- Organizar actividades para poñer en práctica os distintos tipos de lectura: para a aprendizaxe, para facer un resumo, para pescudar información, para resolver un problema, para elaborar un traballo.

- Formar ao alumnado en competencia ALFIN para acceder aos recursos que se están a publicar no blog da Biblioteca, na Aula Virtual, na páxina web do centro e nos blogs do profesorado.
- Seguir ofertando material en diversos formatos (audiovisual, dixital ou en papel).

3.4.EN RELACIÓN CO FOMENTO DA LECTURA E CO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DO CENTRO

- Propoñer ao profesorado a inclusión dentro da súa programación do uso da Biblioteca para conseguir habilidades no uso da información e a consolidación do hábito lector.
- Programar actividades para mellorar a competencia lingüística do alumnado, tales como: xogos que melloren a comprensión lectora (de taboleiro, co beebot, on-line, etc.); actividades de expresión oral (escoitar contos, presentados por profesorado e/ou alumnado, gravar vídeos...); concursos de relatos, banda deseñada, poesía...
- Contribuír á adquisición doutras competencias básicas –ademáis da competencia lingüística- como poden ser a matemática (profundizando no uso de medidas, o tempo cronolóxico, etc.), aprender a aprender (empregando diversas fontes para pescudar información; aplicando estratexias xa adquiridas para ampliar coñecementos); espírito crítico e autonomía persoal (a través dunha lectura crítica e facilitando a valoración da opinión allea e a expresión do propio punto de vista).
- Seguir coa “Hora do Conto” semanal en Educación Infantil, con temáticas e fontes de información diversas.
- En relación ao Proxecto Lector do Centro e ao Plan Anual de Lectura, fomentar estratexias para mellorar a velocidade lectora e a lectura comprensiva en todas as áreas curriculares e en todos os niveis de maneira estruturada e sistematizada.

EN RELACIÓN COS AVANCES CARA A UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA

- Continuar prestando unha atención moi pormenorizada ao alumnado con necesidades educativas especiais, guiando o seu uso da Biblioteca e mercando materiais específicos para estes nenos e nenas cando se considere preciso.
- Seguir actualizando o material a utilizar polo profesorado sobre as distintas dificultades deste alumnado.
- Ampliar a oferta de material didáctico e recursos informáticos, para compensar posibles carencias dos fogares do alumnado.
- Dispoñer a moblaxe de tal xeito que permita un acceso cómodo ao alumnado con mobilidade reducida.
- Empregar sinalizacións e pictogramas dentro da sala de préstamo.
- Seleccionar os libros e material gráfico da biblioteca de acordo con criterios non sexistas e non discriminatorios.

OUTRAS ACTUACIONES

- . Ampliar a oferta de material bibliográfico formativo e os textos en lingua galega.
- . Proseguir contando coa axuda do alumnado-bibliotecario para manter ordeados os distintos espazos da biblioteca, gardar o material nos andeis e orientar aos usuarios, previa formación dos rapaces nas normas actuais de funcionamento das bibliotecas no que respecta a medidas de hixiene e prevención de contaxio de enfermidades.
- . Implicarse activamente na transmisión de valores, proponendo e levando a cabo actividades que promovan a boa convivencia e unha educación para a paz.
- . Promover o uso de contos que transmitan os valores de ecoloxía e coidado do medio ambiente (en actividades de animación á lectura, en exposicións temporais e tamén en préstamo para as bibliotecas de aula). Como medida práctica en prol de hábitos sustentables, reducirase o uso de plástico e papel, deixando de forrar os libros e minimizando o envío de comunicacións en papel.
- . Colaboración co Equipo de TICs:
 - Mellorar a funcionalidade dos equipos informáticos da Biblioteca e fomentar o seu uso por parte da comunidade educativa.
 - Establecer plans conxuntos de formación nas competencias ALFIN e AMI.
- . Colaboración co Departamento de Orientación:
 - Recibir asesoramento sobre temas relacionados coa comprensión lectora e as súas estratexias.
 - Fomentar o uso da literatura na educación emocional e na resolución de conflitos.

3. RUTINAS DE LECTURA

a) Actividades na hora de biblioteca e na hora de ler.

Asígnase a cada curso de E. Infantil dúas sesións para dispoñer da Biblioteca. O profesorado de E. Primaria conta cunha hora semanal para levar ao grupo-clase á Biblioteca do centro. Ademais, o profesorado poderá realizar préstamos para dispoñer dunha biblioteca de aula.

No horario de cada curso figura unha sesión de media hora diaria adicada á lectura, con libros da biblioteca de aula ou ben cun texto común.

b) Actividades de lectura compartida.

Periódicamente, o profesorado dos primeiros cursos de Primaria realizará actividades de recitado de poemas e lectura conxunta, en voz alta, con axuda do encerado dixital ou de libros.

O centro dispón de libros repetidos que facilitará a lectura colectiva, especialmente para o alumnado dos cursos superiores.

Por outra banda, alumnado de varios cursos participará en vídeos de dramatizacións, recitados e animación á lectura, que serán compartidos virtualmente co resto do alumnado.

5.- RECURSOS HUMANOS PARA O FOMENTO DA LECTURA

Continuarán no Equipo de apoio á Biblioteca Escolar durante o vindeiro curso 2023/2024 as mestras: M^a del Carmen Montero Romero, Isabel García Díaz, Cristina Rodríguez Vázquez, M^a Teresa Casado Peleteiro, María Belén Gutiérrez Rodríguez, Saladina Alvarez Carnero e M^a de los Angeles Díaz Rodríguez. A coordinadora, Carmen Adela Armesto Fernández, continuará desenvolvendo esta función, así como a coordinación da Biblioteca Creativa.

A coordinadora adicará tres sesións do seu horario lectivo á Biblioteca. Os demais membros do Equipo contan cunha sesión de atención á Biblioteca, ademáis do tempo adicado ao empréstito e devolución de fondos. O Equipo de Biblioteca reunirse coa periodicidade establecida pola lexislación vixente e ocasionalmente cando sexa preciso manter algunha reunión extraordinaria ou participar en sesións formativas.

Solicitarase a colaboración do director do centro e do Claustro de profesores para levar a cabo con éxito as actividades programadas.

O profesorado recibirá periódicamente información e recursos para desenvolver as actividades previstas, ademáis de asesoramento sobre os fondos dos que dispón a Biblioteca.

6.- ITINERARIO LECTOR SUXERIDO

O profesorado-titor decidirá a selección de lecturas para o curso; suxírense:

Para 1º de E. Primaria:

- *“O cociñeiro Martiño e as cenorias desaparecidas”* de Iago López

Para 2º de E. Primaria:

- *“Orelas de bolboreta”*, de Luisa Aguilar
- *“Fábulas”* de Esopo e Iriarte (adaptacións)

Para 3º de E. Primaria:

- *“A fábula dos ratos mensaxeiros”*, de Xan López Domínguez
- *“El secuestro de la bibliotecaria”* de Margaret Mahy

Para 4º de E. Primaria:

- “A batalla da pequena Chañán Curi Coca” de Rosa Aneiros
- “Quokka Moka” de María Solar

Para 5º de E. Primaria:

- “A lagoa das nenas mudas” de Fina Casalderrey
- “A folla azul” de Andrea Maceiras

Para 6º de E. Primaria:

- “O gran xigante bonachón” de Roald Dahl
- “Perigo vexetal”, de Ramón Caride

7.- ACTIVIDADES PROGRAMADAS:

a) Proxecto documental integrado

Durante o curso 2023/2024 desenvolveranse diversas actividades en torno ao proxecto “1,2,3... a contar outra vez”. Traballaranse contos tradicionais, tanto en versión adaptada coma orixinais. A partir deste centro de interés realizaranse actividades adaptadas á idade e coñecementos previos de cada grupo de alumnos. A cativada participará en dramatizacións, xogos de taboleiro (relativos a contos) e animacións á lectura. O alumnado de Primaria analizará estrutura e elementos dos contos, para posteriormente crear contos orixinais, versións novas dos clásicos, banda deseñada ou manualidades. A Biblioteca do centro ampliará a dotación de fondos axeitados para o desenvolvemento do proxecto. Fornecerase a profesorado e alumnado con recursos en formato dixital para a presentación e desenvolvemento deste PDI.

Programaranse obradoiros para desenvolver nas aulas, así coma actividades que favorezan a participación do alumnado e das súas familias, abranguendo á totalidade da comunidade educativa. A publicación no blog facilitará o acceso telemático a recursos dixitais para os diversos membros da comunidade educativa.

Despois da inclusión de CEIP Vistahermosa no proxecto “Bibliotecas Creativas” o curso 2019/2020, continuaremos realizando actividades relacionadas coa robótica e coa creación de material en obradoiros relacionados co PDI.

b) Actividades puntuais

Durante o primeiro trimestre do curso (preferentemente en setembro e outubro), realizaranse actividades de formación de novos usuarios, para o alumnado que se incorpora a este centro.

Este curso non se contará con alumnado-bibliotecario, para evitar a mestura de nenos e nenas de distintos grupos.

O Equipo da Biblioteca coordinará co Claustro de Profesores a realización de actividades didácticas para conmemorar, entre outras, as seguintes datas:

24 de outubro: Día das Bibliotecas

Novembro: mes da ciencia en galego na Biblioteca Escolar

25 de novembro: Día contra a Violencia de Xénero

30 de xaneiro: Día da Paz

24 de febrero: Día de Rosalía

21 de marzo: Día da Poesía

23 de abril: Día do Libro

17 de maio: Día das Letras Galegas

c) Temporalización de actividades

Mantemento do blog da Biblioteca	Todo o curso
Mochilas viaxeiras de E. Infantil	Todo o curso
Actualización e mantemento de recursos didácticos (sobre todo, dixitais) para profesorado e alumnado	Todo o curso
Actividades nas aulas (obradoiros por grupos estables de convivencia) e xogos co Escornabot	Diversas datas do curso
Exposición de libros da Biblioteca e traballos, elaborados polo alumnado consultando material bibliográfico da B.E.	Diversas datas do curso
Investigación sobre aspectos científicos asequibles ao alumnado e realización de experimentos.	Novembro
PDI “1,2,3...a contar outra vez”	Todo o curso
Boletín para as familias con lecturas recomendadas	Decembro e xuño
Contacontos e actividades referentes á educación para a paz	Xaneiro
Obradoiros de poesía e xogos de creación literaria para conmemorar o Día da Poesía	21 de marzo
Apadriñamentos lectores	Día do Libro
Club de lectura	Varias sesións
Actividades de difusión da obra do autor homenaxeado o Día das Letras Galegas	Maio
Enquisa verbo do funcionamento e uso da B.E. (a profesorado e alumnado)	Maio

Ademáis destas actividades programadas, poderán realizarse outras a iniciativa do Equipo de Biblioteca ou doutros membros da comunidade educativa, no caso de contar co visto e prace do director e unha valoración favorable por parte do Claustro de profesores.

Ofertarase a alumnado de 6º de Primaria a posibilidade de continuar participando no club de lectura, para comentar os seguintes libros.

MES	AUTOR E LIBRO
decembro	FERNÁNDEZ SERRANO, Jacobo: <i>Mil cousas poden pasar</i>
febreiro	DAHL, Roald: <i>El gran gigante bonachón</i>
abril	CARIDE, Ramón: <i>Perigo vexetal</i>

8.- ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS.

Manterase o funcionamento das mochilas viaxeiras, en todos os cursos de E. Infantil, dende outubro ata maio.

As familias poderán acceder dixitalmente a boletíns con recomendacións lectoras para os nenos e nenas a finais do 1º trimestre e a final de curso.

9.-RECURSOS E MATERIAIS

A Biblioteca conta cun fondo amplo de recursos bibliográficos, pero precisa actualizarse e aumentar a cantidade de exemplares en galego e de temática formativa. Ao longo deste curso a adquisición de material encamiñárase principalmente a dotar a Biblioteca de máis recursos con estas características, tanto en papel coma noutros soportes. Por outra banda, continuarase co expurgo, doando os exemplares a desbotar cando sexa posible. Implementarase os recunchos de Biblioteca Creativa e favorecerase o uso dos espazos dispoñibles na actual Biblioteca Escolar, máis ampla cá anterior.

10.-SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

CRITERIOS:

- Consecución de obxectivos e actividades propostas.
- Adecuación da metodoloxía empregada.
- Actitude cara á lectura (coma fonte de lecer e coma medio de aprendizaxe) por parte do alumnado.
- Frecuencia de uso do material da Biblioteca Escolar por parte do alumnado e profesorado.

- Idoneidade das propostas desenvolvidas, das actuacións formativas realizadas e materiais e recursos empregados.
- Hábitos lectores do alumnado.
- Utilidade da biblioteca coma fonte de recursos para unha aprendizaxe motivadora e integral.

PROCEDEMENTOS:

- Autoavaliación por parte do Equipo de Biblioteca.
- Enquisas a profesorado, alumnado e familias.
- Observacións levadas a cabo polo Claustro de profesores.

INDICADORES E INSTRUMENTOS:

Os indicadores de avaliación a ter en consideración serán:

- Implicación da comunidade educativa (dirección do centro, profesorado, familias do alumnado...)
- Alfabetización en información e medios da comunidade educativa, especialmente para o alumnado (incluíndo TICs, robótica...)
- Atención á diversidade, cunha biblioteca inclusiva no que respecta a selección de fondos, organización de espazos e actividades.
- Apoio á mellora da competencia lingüística do alumnado.
- Promoción da lectura con distintas finalidades (información, lecer...)
- Adecuación dos criterios de selección de fondos ás necesidades da comunidade educativa.
- Formación de novos usuarios (alumnado e profesorado)
- Xestión de recursos: empréstito e devolución de libros, DVDs, xogos... (KOHA)
- Promoción de proxectos.
- Realización de actividades artelladas dende a Biblioteca Escolar.
- Recollida de peticións e suxestións de alumnado e profesorado.
- Emprego das redes sociais (blog)
- Coordinación co ENDL e cos proxectos nos que o centro está inmerso.

Os principais instrumentos de avaliación serán: as estatísticas do programa KOHA, cuestionarios para o profesorado e enquisas para alumnado e familias.

Ourense, 7 de setembro de 2022

Carmen Adela Armesto Fernández(Coordinadora PLAMBE)

28. Plan de integración das TIC



1 IDENTIFICACIÓN

CEIP Vistahermosa - Ourense

Código centro: 32015220

Dirección: Avda. Vistahermosa, Nº 10 - Ourense

Teléfono: 988231410

Correo electrónico: ceip.vistahermosa@edu.xunta.es

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvistahermosa>

Centro adscrito á rede ABALAR dende o curso 2011-12

PROXECTO E-DIXGAL en 5º EP e 6º EP

2 XUSTIFICACIÓN

Propóñense múltiples accións que proporcionan as TIC de cara a integrar as aportacións do ensino-aprendizaxe, entre as que atopamos:

- **Animaremos ao profesorado para que utilice a AV do centro, publicando contidos, recursos, actividades interactivas que complementen os contidos traballados na aula.**
- Animar ao profesorado de primaria a contiuar participando no Programa de Éxito Educativo Digicraft no teu Cole no marco do Plan DIGITALENT..
- Seguir formándose nos novos itinerarios que oferta o programa Digicraft.
- Acceso a **múltiples recursos educativos (páxinas webs, enlaces...)** e **contornas de aprendizaxe**, poñendo ao seu alcance todo tipo de información a través da AV.

- Na **Atención á diversidade**, pódense personalizar os procesos de ensinanza-aprendizaxe ao existir múltiples materiais e recursos educativos que permiten chegar a cada alumno/a axeitados ao seu plan de aprendizaxe e as súas circunstancias persoais. En caso de confinamento, decidírase en cada caso, o xeito de continuar co seu proceso de ensino aprendizaxe, vía videoconferencia coas familias e/ou coa entrega de material específico e a súa supervisión.

3 SITUACIÓN ACTUAL DO CENTRO EN CANTO AS NOVAS TECNOLOXÍAS

3.1 Instalacións e equipamentos (medios materiais)

- Rede cableada. Existen tomas en todos os locais de uso docente e administrativo.
- Rede wifi Abalar na aulas de 5º e 6º
- Rede edu.xunta.gal.
- Impresora local no departamento de orientación e unha en rede.
- Equipos informáticos de administración e departamentos.

ADMINISTRACIÓN:

UBICACIÓN	PCs	IMPRESORA	ESCÁNER	OUTRAS
Dirección-Secretaría	3			
Departamento de Orientación	1	1		
Biblioteca	1 (Admin) 1 Portátil	Impresora 3D		Proxector Lector C.B.
Sala de mestres	2			

AULAS E OUTROS ESPAZOS

Por destacar a presenza tamén dunha Aula Móbil composta por:

- Un carro de carga móbil
- 23 educa en dixital
- 9 tablets

Aulas	PC sobremesa	Portátil mestre/a	Panel interactivo	Proxector	EDI	Ultraportátiles alumnado	Encerado branco	Fotocopiadora	Impresora	Fax	Tablets	Lapis 3D	Teléfono móbil
EI 3 ANOS		1	x										
EI 4 anos		1	x										
EI 5 anos		1	x										
Aula ABN		x									6	1	
1º EP		x	x										
2º EP		x	x										
3º EP		x		x	x								
4º EP		x	x										
Aula PT	1												
5º EP Abalar Prox. E-Dixgal		x		x	x	25							
6º EP Abalar Prox E-Dixgal		x		x	x	12							
Música		x		x			x						
Inglés		x		x	x								
Aula AL		x									1		
2 Aula PT		2											
Aula EF													
Comedor													
Conserxería		1						1					1

4 OBXECTIVOS

A finalidade do PLAN TIC é tratar de integrar as novas tecnoloxías da información e comunicación no desenvolvemento da actividade habitual docente do centro en todas as áreas. As TIC facilitan a aprendizaxe e o logro dos obxectivos, afianzan contidos, motivan e dinamizan as clases e favorecen a interacción estudante-docente e estudante-estudiante.

Para a súa consecución uns obxectivos a curto e longo prazo que son os seguintes:

4.1 *Obxectivos xerais*

1. Mantemento da Aula Virtual. Crear categorías e crear e actualizar usuarios para o profesorado, o alumnado do centro.
2. Crear un usuario para o inspector do centro con permiso de acceso a todos os cursos virtuais facilitándolle o seu usuario e clave.
3. Colaborar co Equipo de Orientación na identificación do alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento e adoptar as medidas que estean nas nosas mans para solventar esa situación e manter actualizados os 6 kit dixitais “Educa en Dixital” que conta o centro.
4. Participar en accións formativas para a mellora da competencia dixital do profesorado e do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial, mixto ou non presencial.
5. Aproveitar as tecnoloxías para promover a comunicación e o respecto entre o alumnado.
6. Aplicar os recursos das TIC como canle para a adquisición das **competencias clave**.
7. Formarse para un uso efectivo das ferramentas dixitais que pon a disposición da comunidade educativa a consellería de educación:
 - [Páxinas web dos centros en Webs dinámicas](#)
 - [Aulas virtuais dos centros en Webs dinámicas](#)
 - [Correo corporativo @edu.xunta.gal](#)
 - [App de comunicación abalarMóbil para familias](#)
 - [Servizo de comunicación espazoAbalar para profesorado e centros, abalarPro](#)
 - [Servizo de videoconferencia](#)
 - [Ferramenta de portfolio Agueiro](#)
 - [Rede social do profesorado Redeiras](#)
 - [Libro dixital E-Dixgal](#)
 - [Escolas Na Nube](#)

4.2 *Obxectivos específicos*

1. Asesorar ao profesorado e pór á súa disposición videotutoriais para a realización de tarefas para comezar a usar a Aula Virtual e matricular usuarios.
2. No caso de ausencia xustificada do alumnado, manter a comunicación empregando as plataformas e medios telemáticos corporativos.
3. Prestar asesoramento no uso das TIC e no manexo eficiente dos equipos dos que dispoñemos (software e hardware.)
4. Colaborar no desenvolvemento do Proxecto de innovación educativa con referencia Impresión en 3D.
5. Seguir formándonos no uso da plataforma EVA dixital.
6. Fomentar as competencias dixitais coma un medio para mellorar a atención á diversidade creando material audiovisual ou compartindo material xa existente.
7. Facilitar novas canles de comunicación entre familias/profesorado e o equipo directivo do centro: Xestión de citas de titoría, avisos, incidencias e notificacións.
8. Utilización das **TIC** como elemento integrador dos diferentes **Equipos do Centro**: Equipo de Biblioteca, Equipo de Normalización Lingüística, AAEE, TIC
9. Manter a colaboración co equipo de biblioteca no coñecemento do sistema de xestión de bibliotecas Koha.
10. Continuar participando no Proxecto Digicraft no teu Cole no marco do Plan DIGITALENT, durante o curso 2023/2024 co obxectivo de potenciar e desenvolver a competencia dixital.
11. Manter actualizada a páxina web do centro <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvistahermosa/>
 - Blog da Biblioteca <http://asombradoerbedo.blogspot.com/> ,
 - Blog con recursos para E. infantil <http://nubetic2017.blogspot.com/>
 - Blog de orientación <https://miradequevaorientacion.blogspot.com/>

4.3 *Obxectivos atendendo ás necesidades de mellora: infraestruturas e equipamento*

- Manter actualizados os equipos informáticos das aulas e do centro.
- Dar solución a posibles fallos no hardware dos equipos, e no caso de non poder ou non estar capacitada, contactar coa UAC para solucionar as incidencias o antes posible.

- En relación á mellora dos recursos físicos atópanse:

Temos unha incidencia aberta na UAC solicitando o seguinte equipamento:

Xustificación:

- Os equipo informáticos de 1º, 2º, 3º e 4º foron adquiridos polo centro, teñen moi baixo rendemento e non teñen capacidade para traballar cos libros dixitais, conectarse a unha videoconferencia, manter a proxección...

Solicitude:

- ORDENADOR PORTÁTIL con Procesador equivalente a Intel Core i5 para o profesorado de Infantil e Primaria.

Unidades: 7 (4 para educación primaria e 3 para as aulas PT e AL)

5 DESENVOLVEMENTO DO PLAN PAR CADA UNHA DAS ETAPAS E CURSOS

5.1 Educación Infantil

Obxectivos:

- Empregar o Blog Nubetic, ao que se pode acceder dende a Aula Virtual ou dende a web do centro para a comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva no suposto de ensino a distancia.
- Desenvolver unha autonomía de traballo e xogo a través dos recursos TIC
- Recoñecer e manexar os equipos tecnolóxicos como ferramentas cotiás na aula.

Recursos materiais

Contamos en cada unha das tres aulas de infantil con :

- ✓ 1 Portátil
- ✓ 1 Panel dixital

- ✓ 6 tablets para uso conxunto.
- ✓ 1 Lapis 3D

Actividades:

- Utilización do panel dixital de xeito lúdico para acadar aprendizaxes
- Manexo do panel dixital
- Utilización autónoma de tablets
- Utilización de xogos educativos que desenvolvan diferentes aspectos do currículo: memoria e discriminación visual e auditiva, orientación espacial, coñecemento corporal, iniciación a lecto-escritura, xogos de razoamento lóxico-matemático...
- Busca de información guiada.
- Realización de pequenas pezas feitas co lapis 3D.

Para desenvolver estas actividades tipo, establecerase no horario unha sesión semanal dedicada as TIC, independentemente da utilización destes recursos como apoio e busca de información a diario nas aulas.

Para facilitar o acceso aos recursos dixitais, creouse o blog <http://nubetic2017.blogspot.com/>

5.2 Educación Primaria: 1º e 2º

Obxectivos:

- Crear cursos en aberto na Aula Virtual para que poidan ver as tarefas que se lle propoñen no caso de actividade non presencial.
- Aproveitar como motivación o uso das TIC na aula.
- Coñecer as normas de Navegación segura pola internet.
- Empregar plataformas virtuais das editoriais coas que se traballa
- Seleccionar ferramentas para traballar os contidos curriculares

- Favorecer o uso autónomo dos recursos TIC
- Utilizar o ordenador para a busca de información.

Recursos materiais

Paneis Interactivos e canóns de proxección.

Recursos inmateriais: Programas: JClic, reprodutores de imaxes e sons (música, galerías de fotos...), procesadores de texto, software de fotografía e debuxo...

Actividades:

Algunhas das actividades en que se poden empregar recursos de novas tecnoloxías de información e comunicación son:(Online)

- Lectura de imaxes
- Completar textos con bloques-palabra
- Ordenar palabras para formar frases, organizar crebacabezas
- Unir pregunta-resposta ou termos relacionados
- Visionado de filmes en diversos soportes: DVD, vídeo, internet,...
- Proxección de ilustracións simultáneas ao relato de historias
- escoita de audiocontos con ou sen ilustracións simultáneas
- Manexo elemental do xornal (portada, seccións, elementos formais...)
- Gravación de voz (contos...)
- Observación de imaxes de cámaras web e de imaxes fixas procedentes de internet para coñecemento de realidades descoñecidas...

5.3 Educación Primaria: 3º e 4º

Obxectivos

- ✓ Familiarizar ao alumnado no uso da Aula Virtual: ver os seus cursos, realizar as tarefas propostas e acordar un xeito de comunicación no caso de formación mixta ou teletraballo.
- ✓ Usar os equipos Educa en Dixital e o carro de carga móbil para que coñezan o funcionamento do seu curso, dedicando o tempo que precisen para afianzar destrezas no uso da AV.
- ✓ Aproveitar como motivación o uso das TIC na aula.
- ✓ Coñecer as normas de Navegación segura pola internet.
- ✓ Empregar plataformas virtuais das editoriais coas que se traballa.
- ✓ Seleccionar ferramentas para traballar os contidos curriculares.
- ✓ Crear contidos e compartilos co alumnado no curso da AV.
- ✓ Iniciar ao alumnado no uso autónomo dos recursos TIC.
- ✓ Utilizar o ordenador para a busca de información, uso de dicionarios online... fomentando tamén o pensamento crítico.

Recursos materiais

Equipos Lenovo do proxecto Educa en Dixital e carro móbil de carga.

Recursos inmateriais: Programas: JClic, reprodutores de imaxes e sons (música, galerías de fotos...), procesadores de texto, software de fotografía e debuxo...

Actividades

- ⊕ Acceso á aula virtual, coñecer o seu usuario e contrasinal, entrega de tarefas sinxelas.
- ⊕ En todas as materias realizaremos exercicios, xogos, traballos, consultas de información..
- ⊕ Tratamento do texto (Word)

5.4 Educación Primaria: 5º e 6º

- ✓ Familiarizar ao alumando no contorno EVA Dixital: Acceder ás súas materias, realizar as tarefas propostas e acordar un xeito de comunicación no caso de ausencia prolongada por videoconferencia e chat do EVA dixital.
- ✓ Comprometerse no coidado dos equipos e en caso de levarlos para a casa, traelos coa carga completa.
- ✓ Realizar as tarefas que propoña o/a mestre e facer as entregas a través de Eva dixital, ver as correccións e tomar nota dos erros.
- ✓ Seguir as cualificacións a través do libro de calificacións
- ✓ Coñecer as normas de Navegación segura pola internet.
- ✓ Seleccionar ferramentas para traballar os contidos curriculares
- ✓ Favorecer o uso autónomo dos recursos TIC
- ✓ Utilizar o ordenador para crear a súa propia aprendizaxe.
- ✓ Animar ao alumnado a realizar diferentes proxectos coa Impresora 3D: Diseñar co programa Tinkercad e imprimir pequenas pezas coa impresora 3D.
- ✓ Continuar participando no programa Digicraft no teu Cole no marco do Plan DIGITALENT.

Actividades

- ⊕ Acceso á plataforma E-Dixgal, cambio de contrasinal, modificar perfil, engadir avatar, comprender o funcionamento e a navegación do seu curso, participación nos foros propostas de mellora e resolución de atrancos de forma colaborativa.
- ⊕ Creación de mapas conceptuais con FreeMind,
- ⊕ Uso do LibreOffice Printer para realizar exposicións, proxectos.
- ⊕ Elaboración de gráficas con LibreOffice Calc.

- ✦ Uso de programas lúdicos e específicos que traballan as estratexias de pensamento, a toma de decisións e a resolución de problemas.
- ✦ Retroalimentación, explicación e reforzamento dos temas a través de vídeos. Introducción á linguaxe audiovisual mediante o uso da cámara fotográfica do propio equipo e elaboración de vídeos con Openshot.
- ✦ Tratamento de imaxes con Gimp.
- ✦ Desenvolver, dentro do programa Digicraft, os seguintes contidos: Programación e IA e videoxogo.
- ✦ Traballo con robots educativos

6 ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As TIC posibilitan o traballo individual e o respecto ao ritmo de aprendizaxe de cada individuo, con multitude de recursos na rede que nos posibilitan traballar actividades de ampliación e reforzo.

As tablets que están nas aulas de infantil e primaria poden ser empregadas por calquera clase que as solicite.

O uso das tablets resulta altamente eficaz para atender de forma individual a cada neno ou nena segundo as súas características, necesidades e capacidades.

Compartir software educativo específico que permite adaptar as actividades de aprendizaxe atendendo as necesidades concretas de cada estudante.

- Discapacidade física con programas o [Pequeabecedario](#) ou [Leetodo](#) (ambos gratuítos), que facilitarán a integración destes alumnos/as.
- Discapacidade psíquica: pode usarse o software gratuíto [Araword](#) ou [Arasaac](#) para poder traballar cos estudantes que presentan dificultades para expresar ideas, déficit de atención. Existen outros dispositivos coma [GoTalk9+](#) para facilitar a comunicación
- Discapacidade intelectual: Pode resultar moi beneficioso traballar con tablets pola súa facilidade de manexo ao ser tan intuitivo.

Compartir este software a través do Blog de Orientación: Mira de que vai.
<https://miradequevaorientacion.blogspot.com/>

O emprego de métodos e recursos distintos aos tradicionais pode resultar moi motivador e repercute positivamente na evolución e na actitude cara a aprendizaxe reducindo os casos de fracaso, apatía e/ou desinterese. Aspectos coma a ortografía, a atención, o cálculo matemático ,conceptos básicos de distintas disciplinas, a orientación espacial e temporal que normalmente son monótonos, poden chegar a converterse en interesantes se empregamos de forma eficiente as TIC.

O uso da robótica (beebot, escornabots e mbots) aporta numerosas vantaxes para o alumnado con NEAE:

- a) Permite unha maior integración do alumnado: os estudantes con dificultades para socializar poden formar parte da dinámica da clase o que xera coñecemento mutuo e confianza ao verse capaces de enfrontarse a novos retos e a superalos.
- b) Facilita a educación emocional, xa que se poden desenvolver proxectos para tratar as emocións coa robótica.
- c) Aumenta a autoestima e a confianza nos alumnos e alumnas, á vez que aprenden a incorporar o fracaso e a buscar solucións aos problemas que xorden.
- d) Xera máis motivación ao traballar cunha metodoloxía manipulativa e activa.

7 COMPOSICIÓN DO EQUIPO TIC

Forman parte da coordinación TIC no curso Académico 2023/2024 os seguintes Mestres/as do centro:

- Alba Rodríguez Sarmiento **3ºEP (Coordinadora)**
- José Miguel Corcobado Lorenzo **4º EP**
- José Manuel Alonso Gómez **6ºEP**
- Mª José Pérez Fernández **Orientadora**

Dende o curso 2020/2021 participamos no **Proxecto E-Dixgal**, que é un proxecto que leva implícito unha mellora nas TICS, deixando de lado o antigo libro de texto como medio para alcanzar un fin para dar paso ao mundo dixital e de tal xeito interactuar acorde ao tempos que transcorren e preparando as novas xeracións nun correcto manexo das computadorass.

OBXECTIVOS

Atendendo ao alumnado:

1. Facilitar o acceso aos contidos de Eva Dixgal de xeito online e offline, dándolles tempo para a súa descarga.
2. Proporcionar contornas colaborativas seguras, ou ferramentas TIC que fomentan a comunicación, a interacción e o intercambio de ideas:
 - O uso do Entorno Virtual de aprendizaxe que posibilita a interacción mestre e alumno/a conversar, ler documentos, realizar exercicios, formular preguntas ao docente, traballar en equipo... de forma física e/ou virtual.
3. Coñecer aspectos básicos da maqueta Abalar e utilizar programas educativos que lles proporcione a maqueta.
4. Fomentar a aprendizaxe cooperativo como unha boa metodoloxía para traballar as competencias que inclúen habilidades sociais. O alumnado aprende a traballar xuntos cun obxectivo común, a comunicarse e a chegar a acordos entre todos.
5. Buscar o benestar persoal e colectivo físico e mental e defender a igualdade, a non discriminación e os dereitos de toda a comunidade.
6. Desenvolver a competencia Dixital, a competencia persoal, social e de aprender a aprender, baseada na habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe co obxectivo de que o alumnado logre unha aprendizaxe cada vez máis autónomo e eficaz.
9. Facer aos alumnos/as partícipes no deseño e elaboración e cumprimento de normas claras que aseguren o uso responsable do equipamento.

Atendendo ás familias:

- ⊕ Tratar de solucionar calquera dificultade que poidan ter co hardware o software dos equipos.
- ⊕ Identificar as familias sen conexión a internet para tratar de darlle a cobertura que precisan co obxectivo de previr a fenda dixital.

- ⊕ Informar de xeito directo do seguimento académico dos seus fillos/as **abalarmobil**, por videoconferencia e establecer unha comunicación directa e multicanle co profesorado e titores: Solicitud de citas de titoría, xustificación de faltas de asistencia, consulta de incidencias e avisos.
- ⊕ Proporcionar canles de participación a través de espazos webs, app e outras ferramentas.
- ⊕ Reunirse coas familias do alumnado de 5º e 6º (Escola de Pais) para informar das posibilidades que ofrece o Programa E-Dixgal así como resolver dúbidas.
 - Características do portátil.
 - Que lle ofrece a aula dixital.
 - A que contidos acceden os seus fillos/as.
 - Que se pode e que non se pode facer co portátil.
 - Responsabilidade de equipo:
 - O alumnado levará o ordenador ao seu domicilio para estudar e realizar as tarefas encargadas polo profesorado.
 - Non se poderá utilizar este equipo para ningún outro uso persoal ou profesional sen a expresa autorización do centro. Ademais, non poderá cederse a terceiras persoas. --A utilización non permitida do equipo será recollida como conduta contraria á convivencia nas normas de organización, funcionamento e convivencia.
 - Non se poderán realizar manipulacións no ordenador nin no software instalado.
 - No caso de ser necesario realizar unha reparación do hardware do ordenador, esta deberá levarse a cabo nun servizo técnico autorizado para reparar dito modelo de ordenador.
 - Deberá informarse ao/á titor/a do curso de calquera dano observado no equipo.
 - O alumando comprométese a levar todos os días o ordenador ao centro coa batería completamente cargada.
 - O ordenador deberá devolverse ao rematar a etapa E-Dixgal, en perfecto estado de funcionamento, e cando o centro o solicite para realizar actualizacións, tarefas de mantemento, etc.
 - O profesorado e o/a coordinador/a E-Dixgal do centro poderán inspeccionar o ordenador cando o estimen oportuno co fin de constatar o seu estado.
 - Seguro opcional.
 - Onde contactar en caso de avarías ou dúbidas.
 - Como seguir a actividade lectiva dos seus fillos/as

Referente aos mestres:

- ⊕ O profesorado participante no proxecto E-Dixgal participará nos cursos de formación sobre cuestións técnicas e metodolóxicas relativas á educación dixital.
- ⊕ Manter canles fluídos de comunicación entre familia/mestres e dirección do centro: Xestión de citas de tutoría, avisos, incidencias e notificacións a través das plataformas ofertadas dende a consellería.
- ⊕ Animar aos docentes a crear os seus propios contidos e/ou adaptar os ofertados pola plataforma.
- ⊕ Realizar reunións cos mestres do centro para resolver dúbidas e unificar metodoloxía.

En relación coa coordinadora:

- ⊕ Xestionar a aplicación Premium: cesións/devolucións, avarías...
- ⊕ Actualizar de forma periódica a maqueta Abalar dos equipos.
- ⊕ Realizar o mantemento dos proxectores das Aulas.

2. SITUACIÓN E EQUIPAMENTO DAS AULAS E-DIXGAL

As aulas dispoñen dun encerado dixital interactivo, dun proxector, dun equipo para o profesor/a e dun equipo para cada alumno e 2 equipos para novas matrículas en cada aula. Ademais as aulas contan con conexión WIFI para que o alumnado e profesorado poda accesos aos contidos dixitais e seguir a actividade educativa na aula desde o seu equipo.

Equipos do Alumnado:

- Atendendo á matrícula do alumnado, cada clase conta cun número axeitado de Portátiles Lenovo ThinkPad Yoga 11e 5Th G que poden ser utilizados tanto en modo portátil como en modo tableta. Son táctiles e traen integradas un amplo conxunto de aplicacións educativas. Dende o equipo pódese acceder ao entorno virtual de aprendizaxe (EVA), tanto en modo conectado (online), como en modo sen conexión (a través da aplicación EVA offline instalada no equipo).
- Debido aos problemas xurdidos durante o curso 2021/2022, no que se perderon 2 lapis, este curso mantense o acordo de non entregar o lapis do equipo e gárdanse no centro.
- Unha alumna non entregou o cargador dun equipo polo que se procederá a mercar un.

3.- RESPONSABILIDADE DO COIDADADO DO EQUIPO DO ALUMNADO.

- A responsabilidade do correcto coidado do equipo da aula E-Dixgal e do seu bo uso recae nos/as pais/nais/titores/as legais, que deben responder da perda ou do seu mal uso. As avarías que poidan producirse na utilización diaria do equipo, que non sexan debidas a un uso inadecuado, están recollidas nos

supostos de garantía do equipo, e polo tanto deben comunicarse e solucionarse a través do Servizo de soporte Premium.

Comunicóuselle as familias a posibilidade de facer un seguro anual con servizo soporte premium pagando un importe de 49 €.

O seguro cubre os seguintes danos:

- Rotura de calquera compoñente do equipo (pantalla, carcasa, teclas, bisagras, conector de alimentación, outros conectores...).
- Rotura do cargador de alimentación.

O seguro NON cubre os seguintes danos:

- Roubo, extravío ou perda, tanto do portátil, como do cargador de alimentación, ou do lapis.
- Rotura do lapis, ou da punta deste.
- O centro proporcionaralle aos pais/nais/titores/as legais o formulario de asunción de responsabilidade que debe entregarse debidamente cumprimentado e asinado no centro educativo.

4.- PLAN DE TRABAJO

- O profesorado de nova incorporación no proxecto E-Dixgal, participará na formación específica que se oferte dentro do programa.
- Tendo en conta a formación recibida durante estes dous cursos do 2020 ao 2022 polo 100 % do profesorado participante no programa, seguiremos unha metodoloxía de traballo colaborativa aproveitando os coñecementos e a experiencia do grupo para:
 - a) Dar solución a calquera dúbida referente ás ferramentas propias do proxecto tanto hardware como software.
 - b) Que todo o profesorado sexa quen de editar, modificar as materias para adaptalas as necesidades específicas do alumnado.
 - c) Que os docentes personalicen os criterios de avaliación e xestionen as cualificacións do alumnado en EVA dixital
 - d) Facilitarlle ás familias o coñecemento de EVA dixital: os recursos ao seu alcance, o seguimento a través do libro de cualificacións, o apoio nas tarefas escolares invitándoos a participar nunha Escola de Nais e Pais, a xestión de incidencias, etc.
- Compromiso do centro a impartir todas as materias en modalidade dixital en 5º e 6º .
- Compartir os coñecementos previos do profesorado acerca das ferramentas dixitais que pon a nosa disposición a Consellería..
- Propoñer a realización de todas aquelas reunións que se consideren necesarias segundo os asuntos que poidan xurdir: software, hardware, cursos, proxectos de formación...

5.- AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO

Procedemento para a avaliación interna do programa

A avaliación do programa terá que medir o grao de integración na práctica ordinaria dos recursos TIC, tanto no referido ao profesorado como ao alumnado, e a implicación das familias.

Terase en conta o nivel acadado dos obxectivos, que concretaremos na resposta ás seguintes cuestións:

- A coordinadora do proxecto xestionou de xeito eficaz a cesión e recollida dos equipos, así como a súa supervisión e mantemento durante o curso
- Os mestres/as son capaces de utilizar con fluidez o servidor de contidos para descargar e empregar o que precise na clase.
- Os alumnos/as manexan igualmente os recursos que se lles propoñan deste servidor.
- O uso do encerado dixital e dos portátiles é unha práctica habitual diaria nas clases, seguindo as programacións do curso, e complementando o material impreso.
- En que medida foi cambiando a forma de aprendizaxe dos alumnos/as cara a un maior peso do protagonismo propio, da creación individual e colectiva.
- Ata que punto se empregaron materiais educativos de produción propia na clase e a súa influencia no resultado final.
- Valoración do grao de satisfacción de todos os membros da comunidade educativa co proxecto.
- Valoración as accións formativas realizadas co profesorado, alumnado e coas familias.

Para obter esas respostas empregaremos a observación do funcionamento da aula e enquisas para o profesorado, o alumnado e as familias.

Cos resultados obtidos revisaremos se a planificación inicial se axustaba ás necesidades reais do centro, incluíranse na memoria final e servirán de base para deseñar un novo proxecto.

6.- COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS ABALAR E E-DIXGAL

Ambos equipos traballarán de forma coordinada

Coordinadora:

Paula Ferreira Rodríguez

Membros

M. del Carmen Montero Romero(relixión)

Mónica Pequeño Salgado(inglés)

Cristina Rodríguez Vázquez(educación física)

Sali Álvarez Carnero(música)

José Manuel Alonso Gómez (6º primaria)

29. Mapa de necesidades do centro.

REFERENTES AO CONCELLO

- ✦ Renovación do chan das aulas de infantil.
- ✦ Adecentar despacho de DO (estanterías)
- ✦ Pintar aulas e portas do centro.
- ✦ Reparación ou substitución do valado exterior do centro.
- ✦ Rematar pintura de laterais e da parte traseira do centro.
- ✦ Sinalización do centro nos accesos ao mesmo.

REFERENTES Á CONSELLERÍA

- ✦ Solicitouse como todos os anos material didactico e mobiliario específico á consellería.
- ✦ Portas de entrada e saída adecuadas á normativa vixente.
- ✦ Solicitar ascensor.
- ✦ Renovación ventanas do centro.

REFERENTES AO PROPIO CENTRO

- ✦ Adequar o almacen do patio como zona de xogos.
- ✦ Adecentar e adequar a zona verde posterior ao polideportivo para incorporala como zona de recreo.
- ✦ Estudar solucións de illamento solar (calórico e lumínico) nas aulas da fachada principal.
- ✦ Protección de columnas.

Informe Claustro e aprobación Consello Escolar

D. Saladina Álvarez Carnero, secretaria do CEIP Vistahermosa, de Ourense.

CERTIFICO:

Que esta Programación Xeral Anual foi informada ao Claustro e posteriormente aprobada polo Consello Escolar do centro, en reunión ordinaria celebrada o día 31 de outubro de 2023, segundo consta en acta.

Ourense, a 31 de outubro de 2023

A secretaria